

Os Programas de Educación non Formal e a Empregabilidade da Xuventude en Galicia

O estudo ten como eixo os Programas Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil e Galeuropa, desenvoltos pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia.

O estudo tivo dous **obxectivos**:

- Avaliar que aptitudes interpersoais e competencias desenvolven os/as mozos/as que participan nos programas Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil e Galeuropa.
- Analizar en que medida esas aptitudes interpersoais e competencias contribúen á súa empregabilidade.

Respecto da **metodoloxía**, trátase dunha investigación avaliativa, partindo dun modelo de avaliación participativa. Estiveron implicadas 1522 persoas de diferentes colectivos: mozos/as participantes nestes programas, mozos/as que non se implicaron nos programas, responsables do desenvolvemento dos programas Iniciativa Xove e Voluntariado Xuvenil, empregadores e responsables de recursos humanos de empresas, técnicos dos servizos de orientación laboral, responsables dos programas da DXV. Así mesmo, empregáronse distintos instrumentos de investigación social, como cuestionarios, entrevistas, grupos de discusión...

Os principais **resultados**, foron agrupados en torno a tres grandes ámbitos:

1. As competencias transversais. Os participantes nos tres programas autoavalíanse moi ben respecto das competencias transversais. Os participantes en Galeuropa amosan unhas puntuacións lixeiramente máis elevadas.
Ademais, comparamos a estes suxeitos cunha mostra similar de mozos e mozas que non se implican neste tipo de iniciativas, co fin de saber si este perfil era común ao resto da mocidade galega. Os resultados obtidos indican que os non participantes amosan menores índices na avaliación de autocapacidades que os participantes nos programas.
2. A empregabilidade. En canto á situación laboral dos mozos/as antes de participar no programa e no momento en que participan no estudo, observamos unha redución á metade da porcentaxe de persoas desempregadas (de 46,1% a 22,7%), sendo esta redución máis salientable no programa Galeuropa. En canto aos que eran estudantes previamente, a maioría segue mantendo a mesma situación.
3. A satisfacción co programa. Os/as mozos/as consideran que a formación adquirida é positiva e afirman que volverían a involucrarse en programas deste tipo e recomendaríano a amigos/as.

En definitiva, os participantes nestes programas melloran o seu capital social e cultural por medio do establecemento dunha rede de contactos útiles en termos de empregabilidade, ademais de incrementar o seu capital humano a través do desenvolvemento de competencias transversais e aumentan a súa madurez, ademais de fortalecer o seu carácter.